



NOTA INFORMATIVA
Proceso selectivo C2 libre
(convocado no DOG núm. 121, do 27.06.2022)

Elección de destino en prácticas

O día 2 de maio de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 29 de abril de 2024 pola que se convocan para a elección de destino en prácticas ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo, pola quenda de acceso libre, para o ingreso no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Resolución do 22 de xuño de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 121, do 27 de xuño).

Os días 3 e 6 de maio de 2024, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal remitirá ás persoas aspirantes un correo electrónico (o da súa inscrición no proceso) co usuario e a clave de acceso á aplicación do proceso selectivo.

Os días 7, 8, 9, 10 e 13 de maio de 2024, abrirase un prazo de cinco (5) días hábiles para que as persoas aspirantes seleccionen telematicamente, a través do sistema electrónico, os destinos ofertados por orde de prelación (recoméndase ordenar os 120 postos ofertados), ou renunciar.

Non cabe a petición de excedencia, xa que o período de prácticas -tal e como dispón a base III da convocatoria- é un requisito indispensable para obter o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira no corpo auxiliar.

Finalizado o prazo de elección de destino, isto é, a partir do día 14 de maio de 2024, a aplicación informática efectuará a adxudicación automática de destino en prácticas. Unha vez realizada, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal elaborará a resolución de nomeamento como persoal funcionario en prácticas, co destino adxudicado, subliñando o día da toma de posesión de persoal funcionario en prácticas.

Asemade, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal elaborará a resolución prevista na base III.1 da convocatoria, onde se regulará o curso selectivo e o período de prácticas, que se publicará no DOG o mesmo día que a resolución de nomeamento en prácticas.

Curso Selectivo e Curso en prevención de riscos laborais

O curso selectivo terá unha duración máxima dun (1) mes, na modalidade de teleformación. Este curso será organizado e impartido pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), cun total de 80 horas, na modalidade teleformación, a través da Aula virtual da EGAP. Para acceder ao curso, é imprescindible rexistrar unha conta na EGAP que lle permitirá acceder ás nosas aplicacións (Aula virtual e zona de matrícula); no caso de que non a teña pode rexistrala e cubrir os seus datos (imprescindibles os de contacto para recibir as comunicacións relativas ao curso) no seguinte enderezo <https://egap.xunta.gal/cas/newuser> . Previsiblemente, desenvolverase desde o día 27 de maio ata o 26 de xuño de 2024.

O curso selectivo cualificarase de apto ou non apto. Para acadar a cualificación de apto será obrigatorio obter a puntuación mínima establecida en cada unha das probas de avaliación. Ao final do curso selectivo terán unha proba *on-line*, na Aula virtual da EGAP, que tamén deberán superar, obtendo como resultado "apto": para isto, deberán obter como correctas o



50% das respostas ás preguntas formuladas sobre o manexo de paquetes ofimáticos no contorno de LibreOffice (folla de cálculo, procesador de textos e presentacións).

Ao mesmo tempo do curso selectivo, a EGAP tamén vos convocará a un curso de formación inicial en Prevención de Riscos Laborais (5 horas lectivas), tal e como esixe a Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, no seu artigo 19 establece a obrigatoriedade de que todo o persoal traballador reciba formación suficiente e adecuada en materia preventiva no momento da súa incorporación ao traballo. O curso realizarase tamén na modalidade de teleformación. Deste curso informaranlles oportunamente tanto a EGAP como o Servizo de Prevención de Riscos Laborais, dependente da Subdirección Xeral de Coordinación de Servizos Transversais da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Toma de posesión

Respecto da toma de posesión, infórmase do seguinte:

- As persoas que ocupan actualmente postos como persoal funcionario interino ou laboral temporal ou laboral indefinido non fixo na Xunta de Galicia deberán cesar no seu posto, no seu caso de interino ou laboral, e tomarán posesión, como persoal funcionario en prácticas, na unidade administrativa á que fosen destinadas como consecuencia da elección de destino. Unha vez superado o curso selectivo serán nomeadas persoal funcionario de carreira, con destino provisional, no corpo auxiliar na praza adxudicada no acto de elección de destino
- As persoas que ocupan postos como persoal funcionario de carreira na Xunta de Galicia poderán acollerse ao disposto no artigo 129 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia (licenzas para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública); neste caso, poderán optar entre percibir as retribucións que correspondan pola condición de funcionario/a de carreira ou as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas. Esta petición deberán cursala na súa propia consellería.

Tal e como dispón o artigo 129.2 da Lei 2/2015, no caso de que os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen noutra Administración distinta da Xunta de Galicia, percibiranse necesariamente as retribucións fixadas nesta última para o período como persoal funcionario en prácticas.

- No suposto de que o día da toma de posesión como persoal funcionario en prácticas, a persoa aspirante se atopara de baixa por incapacidade temporal (IT) ou por maternidade, paternidade ou risco de embarazo, deberá acudir a tomar posesión o día sinalado e, na mesma data da toma de posesión, formalizarse a licenza ou permiso correspondente segundo a causa de que se trate. Para isto, deberá aportar a documentación xustificativa da mesma. Naqueles casos nos que por causa de forza maior non lle sexa posible acudir a tomar posesión, haberá de poñerse en contacto coa Unidade na que teña que tomar posesión, que será a que lle indicará a forma en que debe achegar a documentación xustificativa e, en todo caso, formalizará o día establecido tanto a toma de posesión como a licenza ou permiso correspondente.

Segundo dispón a base III.5 da convocatoria, unha vez rematado o curso selectivo e ata que se proceda ao seu nomeamento como persoal funcionario de carreira, as persoas aspirantes continuarán prestando servizos como persoal funcionario en prácticas.



Segundo a base III.4 da convocatoria, as persoas aspirantes que non superen o curso selectivo perderán todos os seus dereitos para o nomeamento como persoal funcionario de carreira, por resolución motivada da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

En casos extraordinarios debidamente xustificados, e previa solicitude motivada por escrito da persoa interesada, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal poderá aprobar adaptacións para que o curso selectivo poida levarse a cabo e/ou avaliarse dun xeito alternativo ao inicialmente previsto, asegurando en todo caso o cumprimento dos fins e principios que deben rexer os procesos selectivos.

No suposto de que, debido a unha causa de forza maior e debidamente xustificada, non puidera rematarse en prazo o curso selectivo, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal outorgará ás persoas aspirantes a posibilidade de aprazar o curso selectivo a unha única segunda edición, mantendo, no seu caso, as cualificacións das accións formativas xa superadas.